



PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALIZA

Dinamización económica e mellora da calidade de vida

M. Anxo Escariz Ferrín

Subdirector Coordinación e Planificación de AGADER

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2007-2013

Eixe 1:
Competitividade
do sector agrario e forestal

Eixe 2:
Mellora do medio ambiente
e do entorno rural

Eixe 3:
Calidade de vida
e diversificación
económica

Eixe 4:
LEADER

Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural FEADER

FOGGA (ORGANISMO PAGADOR)

DOTACIÓN ORZAMENTARIA DO PDR DE GALIZA 2007-2013

(millóns de euros correntes)

| | 2007-2013 |
|------------------------------|----------------|
| FEADER | 856'5 |
| AXE | 318'7 |
| XUNTA DE GALIZA | 318'7 |
| TOTAL FONDOS PÚBLICOS | 1.493'9 |

REPARTO POR EIXES DOS FONDOS DO PDR DE GALIZA 2007-2013

| | | |
|------------------------------------|--------|---------------|
| <i>EIXE 1</i> | —————→ | <i>46,43%</i> |
| <i>EIXE 2</i> | —————→ | <i>32,58%</i> |
| <i>EIXE 3</i> | —————→ | <i>10,37%</i> |
| <i>EIXE 4</i> | —————→ | <i>10,00%</i> |
| <i>EIXE 5 (Asistencia técnica)</i> | —————→ | <i>0.62%</i> |

GASTO PÚBLICO APROXIMADO = 1.500 Millóns de €

DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALIZA (EIXE 3 DO PDR) 2007-2013

INVESTIMENTO PREVISTO 2007-2013 (EUROS)

| MEDIDAS DO PDR | Gasto Público | Investimento privado inducido | Investimento total |
|--|-------------------|-------------------------------|--------------------|
| (311) Diversificación cara actividades non agrarias | 2.184.164 | 3.121.116 | 5.305.280 |
| (312) Axudas á creación e ao desenvolvemento de microempresas | 42.462.468 | 62.338.762 | 104.801.231 |
| Total medidas de dinamización económica | 44.646.633 | 65.459.878 | 110.106.511 |
| (313) Fomento de actividades turísticas | 7.142.219 | 1.858.000 | 9.000.219 |
| (321) Servizos básicos para a economía e a poboación rural | 34.783.875 | 12.694.071 | 47.477.946 |
| (323) Conservación e mellora do patrimonio rural | 5.000.000 | 1.238.000 | 6.238.000 |
| Total medidas de servizos á poboación e mellora da calidade de vida | 46.926.093 | 15.790.071 | 62.716.165 |
| TOTAL PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS | 91.572.726 | 81.249.949 | 172.822.676 |

PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALIZA

Convocatoria 2008-2009

SUBVENCIONES POR MEDIDAS

DINAMIZACIÓN ECONÓMICA (PROXECTOS PRODUTIVOS)

Medida 1. Diversificación cara actividades non agrarias

Actividades subvencionables:

- **Transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na propia explotación** (panadería, pastelería, elaboración e comercialización de cogumelos, mermeladas, produtos da caza, etc.)
- **Elaboración e venda na explotación de produtos artesanais** (coiro, cerámica, liño, encaixe, etc.)

- **Agroturismo:** acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria para aloxamento dun máximo de 20 prazas e/ou outros servizos complementarios, como restauración, instalacións deportivas, recreativas ou actividades complementarias (visitas ou percorridos turísticos, degustacións gastronómicas, etc.)
- **Actividades culturais, de lecer** (rutas de sendeirismo, bicicleta, ecuestres, etc.), **formativas ou didácticas** (granxas-escola) **ou ambientais** (centros de interpretación da natureza, aulas de natureza) **asociadas á valorización dos recursos da zona.**
- **Actividades de fornecemento de insumos e servizos a empresas** (cooperativa de venda de abonos, de aluguer de maquinaria, servizos de veterinaria, laboratorios de análises, etc.)

- **Servizos á poboación** (gardarías, asistencia a maiores, discapacitados, colectivos desfavorecidos, servizos educativos, relacionados co uso das NTICs, etc.)

- **Actividades relacionadas coas enerxías renovables** (instalacións para a produción de biomasa, produción e venda de biocombustible, etc.)

Beneficiarios: membros das unidades familiares ligadas a unha explotación agraria que realicen actividades agrarias nunha explotación no momento de solicitar a axuda.

Cuantía da axuda: ata un máximo do 45% dos gastos elegibles, co límite de 200.000 €.

Medida 2. Creación e desenvolvemento de microempresas

Actividades subvencionables: creación, modernización, ampliación e/ou traslado de pequenas unidades de produción (traballo autónomo, microempresas ou entidades de economía social), que contribúan a consolidar novas actividades no medio rural, en ámbitos como:

- ***Industria manufacturera*** (técnico, carpintería, etc.).
- ***Transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais, co límite de 100.000 € de investimento*** (panaderías, envasado e comercialización de grelos, de plantas medicinais, etc.)

- **Segunda transformación de produtos forestais.**
- **Pequeno comercio, excepto supermercados, priorizando os proxectos que valoricen especialidades locais** (tendas de venda de produtos autóctonos, de mobles feitos con materias primas locais, etc.).
- **Artesanía local** (cerámica, liño, encaixe, coiro, etc.).
- **Servizos a empresas e á poboación** (residencias da terceira idade, centros de día, gardarías, escolas infantís, etc.).
- **Creación e mellora de empresas turísticas que ofrezan actividades complementarias ao aloxamento** (rutas turísticas, visitas guiadas, deportes de aventura, parques acuáticos, etc.)

❑ **Beneficiarios:** persoas físicas ou xurídicas con:

- Número de empregados inferior a 10.
- Volume de negocios ou balance xeral anual non superior a 2 millóns de euros.

❑ **Cuantía da axuda:** ata un máximo do 45% dos gastos elegibles, co límite de 200.000 €.

SERVIZOS Á POBOACIÓN E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA (PROXECTOS NON PRODUTIVOS)

Medida 3. Fomento de actividades turísticas

Actividades subvencionables:

- **Liña A: Actuacións de desenvolvemento, promoción e comercialización de novos produtos e servizos turísticos** (visitas guiadas, comercialización de produtos artesanais, páxinas web, servizos de información turística por internet, etc.)
- **Liña B: Posta en valor e uso turístico dos recursos patrimoniais e naturais do entorno rural** (centros de interpretación, museos, itinerarios temáticos, sendeiros de interpretación da natureza, adecuación de espazos para a práctica deportiva, etc.)

❑ **Beneficiarios:**

Liña A:

- Organismos relacionados co desenvolvemento ou a promoción do turismo e padroados de turismo.
- Asociacións, federacións e confederacións de empresarios do sector turístico.
- Asociacións, fundacións e entidades privadas sen ánimo de lucro.

Liña B:

- Persoas físicas ou xurídicas, ou as súas asociacións ou agrupacións, que realicen actuacións de incentivo de actividades turísticas nas áreas rurais. **Cuantía da axuda:** ata un máximo do 75% dos gastos elegibles, co límite de 200.000 €.
- Administración local



Medida 4. Servicios básicos para a economía e a poboación rural

□ **Actividades subvencionables:**

- **Liña A: Proxectos dirixidos á implantación e/ou mellora de servizos** relacionados coa educación, servizos sociais ou asistenciais, acceso a NTICs, servizos culturais, de lecer, etc. (residencias para a terceira idade, gardarías, vivendas tuteladas para discapacitados, etc.)
- **Liña B: Proxectos de creación e desenvolvemento de centros de servizos, outras infraestruturas para redes de cooperación e servizos entre empresas,** que faciliten a implantación ou mellora das empresas nas áreas rurais, fomentando a redución da fenda dixital e a implantación de novas tecnoloxías (viveiros de empresas, etc.)

❑ **Beneficiarios:**

- **Liña A:** Agrupacións ou asociacións. Administración local
- **Liña B:** Asociacións e confederacións de empresarios.

❑ **Cuantía da axuda:** ata un máximo do 75% dos gastos elegibles, co límite de 200.000 €.

Medida 5. Conservación e mellora do patrimonio rural

Actividades subvencionables:

- **A: *Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común.***
- **B: *Patrimonio natural*** (Roteiros fluviais, accións de sensibilización sobre cuestións ambientais, etc.)
- **C: *Patrimonio cultural*** (estudios con investimentos relativos ao patrimonio cultural, etc.)

❑ **Beneficiarios:**

- Agricultores, asociacións de agricultores e cooperativas agrarias.
- Comunidades de montes veciñais en man común, asociacións de propietarios forestais e de comunidades de montes.
- Entidades sen ánimo de lucro
- Administración local (para b e c)

❑ **Cuantía da axuda:** ata un máximo do 75% dos gastos elegibles, co límite de 200.000 €.

PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALIZA

Convocatoria 2008-2009

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

1.- Diversificación cara actividades non agrarias

2.- Creación e desenvolvemento de microempresas

- ☐ Creación de emprego e renda = 30 puntos.
- ☐ Capacidade de arrastre da iniciativa no contorno = 15 puntos.
- ☐ Grao de innovación do proxecto = 15 puntos.
- ☐ Incidencia na mellora medioambiental = 5 puntos.
- ☐ Localización xeográfica = 30 puntos.
- ☐ Utilización do galego = 5 puntos.

3.- Fomento de actividades turísticas

4.- Servizos básicos á economía e poboación rural

5.- Conservación e mellora do patrimonio rural

- ▣ Grao de innovación do proxecto = 15 puntos.
- ▣ Incidencia na calidade de vida da poboación residente = 20 puntos.
- ▣ Incidencia na mellora medioambiental = 5 puntos.
- ▣ Características do promotor = 25 puntos
- ▣ Localización xeográfica = 30 puntos.
- ▣ Grao de implicación con outras entidades = 5 puntos.

PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALIZA

Convocatoria 2008-2009

NORMAS E RESTRICCIÓN SECTORIAIS

❑ **Investimentos en centros destinados á prestación de servizos de igualdade e benestar á poboación:**

- Non son subvencionables os centros de protección e reeducación de menores e os centros de maiores dependentes. Non están afectados por esta exclusión as vivendas comunitarias, as tuteladas e os centros de día de maiores non dependentes.
- Todos os proxectos deberán ter autorización da Consellería de Igualdade e do Benestar, así como o resto de permisos e licenzas obrigatorios para a súa actividade.

❑ **Investimentos en establecementos turísticos:**

- Non son subvencionables os establecementos de turismo rural do grupo D. Nos do Grupo A e B e nos hosteleiros só se subvencionarán novas prazas de aloxamento que leven no

proxección de actividades complementarias.

- Nos establecementos de turismo rural a creación de novas prazas de aloxamento só se apoiará nos concellos nos que se acredite escaseza de prazas mediante informe conxunto entre Agader e a Dirección Xeral de Turismo.
- Nos proxectos que inclúan prazas de aloxamento como actividade complementaria a outra principal o gasto vinculado ás devanditas prazas será elixíbel cando sexa inferior ao 30% do investimento total.

- Non se financiarán: investimentos en deportes náuticos e accesibilidade a praias (para todo tipo de solicitantes) e actividades hípicas, campamentos de verán e campos de golf (para solicitantes persoas físicas ou xurídicas con ánimo de lucro).
- Todos os roteiros deberán estar homologados pola Federación Galega de Montañismo e estar xeoreferenciados en páxina web.
- Todos os establecementos turísticos deberán ter autorización da Dirección Xeral de Turismo, así como o resto de permisos e licenzas obrigatorios para a súa actividade.

❑ **Investimentos no sector das enerxías renovábeis:**

- Para os investimentos en enerxía solar fotovoltaica da medida 1, subvencionarase un máximo de 20 KW, sendo a subvención máxima do 25%.

❑ **Investimentos en actividades económicas do sector servizos:**

- Nos sectores da hostalería e comercio polo miúdo só se subvencionarán establecementos dedicados á valorización de produtos ou recursos propios do territorio.
- Os investimentos en actividades de asesoría, axencias de seguros, perruquerías, tinturerías, talleres de reparacións, despachos profesionais e asimiladas só se subvencionarán en núcleos de poboación onde non haxa ningún establecemento que preste este servizo.

❑ **Proxectos de elaboración de estudos, páxinas web:** o límite máximo de axuda será de 30.000 € por proxecto.

❑ **Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento::**

- Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto.

PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALIZA

Convocatoria 2008-2009

***RECOMENDACIÓNS DE INTERESE
PARA OS/AS BENEFICIARIOS/AS***

- ❑ Utilizar sempre modelos normalizados
- ❑ A documentación que acompaña a solicitude sempre con fotocopias compulsadas
- ❑ Unha vez presentada a solicitude de axuda non se realizará ningún tipo de gasto nen pagamento antes de que sexa levantada acta de non inicio (ANI) por parte de Agader, ou ben acta notarial que reflecta fidedignamente o non inicio dos investimentos.
- ❑ Formalizar os pagamentos unicamente mediante os medios que, dacordo co establecido na convocatoria das subvencións, se consideren válidos.

- Xustificar debidamente as solicitudes de prórroga e as modificacións orzamentarias dos proxectos.
- Para xustificar investimentos presentar sempre facturas e documentos de pago orixinais
- Cando o investimento supere 30.000 € en obra ou 12.000 € en suministros, presentar 3 ofertas
- Documentar a creación de emprego
- Presentar a licenza definitiva, permisos e alta no censo de actividades económicas ó remate da operación.
- Non realizar ningún gasto nen pagamento despois da data de remate de xustificación dos investimentos.